



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, sendo xoves 4 de xuño de 2020, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: APROBACIÓN DE BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN URXENTE, POLO SISTEMA DE CONCURSO/OPOSICIÓN, DUN/HA SOCORRISTA PARA A PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILASANTAR A 40 HORAS SEMANAIS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL

EXPTE. 2020/E001/000004 (Emprego).

EXPTE. 2020/G003/000095 (Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Vista la ley 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2019 (BOE núm.161, de 04/07/2018), prorrogados nos anos 2019 e 2020, en cuxo artigo 19 apartado dous, se establece que non se poderá proceder á contratación de persoal temporal, así como ó nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables.

Visto que as tarefas desempeñadas polo personal encadrado na categoría de socorrista resultan esenciais para o correcto funcionamento dos servizos públicos do Concello de Vilasantar.

Vista a necesidade de dotar ó Concello de Vilasantar de mecanismos de xestión de recursos humanos para solventar as ausencias prolongadas do seu persoal ó non dispor este Concello de persoal que poida atenuar as posibles baixas, permisos, etc do persoal administrativo e de servizos.

Visto que con data 28 de xaneiro de 2020, publícase no Diario Oficial de Galicia nº 18 a Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020.

Visto que con data 4 de marzo de 2020, o concello de Vilasantar acepta as referidas bases e solicita unha subvención por importe de 4.500,00€ no Decreto de Alcaldía 45/2020.

Visto que non consta a día de hoxe publicación ou notificación a este Concello da Resolución pola que se aproban as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades para o exercicio 2020, mediante a que a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia lle concedería ó

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40.2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

19



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

concello de Vilasantar unha subvención por importe máximo de 4.500€ dentro do referido programa de socorrismo 2020.

Visto que con data 3 de xuño de 2020, ordéase por parte de Alcaldía, o inicio dun expediente de selección de personal laboral temporal (dous meses) ó abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades para o exercicio 2020.

Visto o informe de secretaría-intervención obrante no expediente.

Dacordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réximen xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro: Aprobar as bases que rexerán a convocatoria de concurso – oposición para a contratación laboral temporal de un socorrista ó abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades para o exercicio 2020 cofinanciado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, que se adxuntan como Anexo I.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asínao a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario - Interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40.2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)
2-9



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

ANEXO I

BASES QUE REXIRÁN A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN URGENTE, POLO SISTEMA DE CONCURSO/OPOSICIÓN, DUN/HA SOCORRISTA PARA A PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILASANTAR A 40 HORAS SEMANAIS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

Expte TEDEC: 2020/E001/000004

Primeira.- Obxecto da Convocatoria.

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal por contrato de servizo determinado, mediante concurso/oposición, dun/ha socorrista para realizar os traballos que figuran descritos na memoria que acompaña á solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria ó abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais durante o exercicio 2020.

Esta contratación será de 40 horas semanais e terá un período de duración de 2 meses, a modalidade contractual será dun contrato de servizo de duración determinada, a retribución mensual con paga extra xa prorrateada será de 1.113,59 euros brutos mensuais (quedando incluída a parte proporcional de paga extra na retribución sinalada).

Segunda.- Requisitos dos/las aspirantes.

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro, en redacción dada pola Lei 55/1999 de 29 de decembro:

1.-De acordo co dereito comunitario, os nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea poderán acceder en igualdade de condición que os españois a todos os empregos públicos, salvo que implique unha participación directa ou indirecta no exercicio do poder público e se trate de funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas.

2.- O establecido no apartado anterior será asimismo de aplicación ao cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estén separados de dereito, así como aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe, sempre que non estén separados de dereito, menores de 21 anos ou maiores de dita idade que vivan ao seu cargo.

Igualmente, extenderase ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, no que sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.

3.- O Goberno ou, no seu caso, os órganos correspondentes das Comunidades Autónomas o u das demais Administracións públicas determinarán, no ámbito das súas respectivas competencias, os corpos, escalas, plazas, empregos ou postos ós que non podan acceder os

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40.2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

3-9



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

nacionais dos demais estados membros da Unión Europea.

- b) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade nin estar afectado por doenza física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio da certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. De ser nacional doutro Estado non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
- f) Acreditación de ter solicitada a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia e deberá presentar acreditación da cualificación profesional de socorrismo en instalacións acuáticas e as titulacións que cumpran cos requisitos de inscrición no rexistro, reflectados na disposición transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo.

Como regra xeral, o cumprimento destes requisitos refírese á data na que remate o prazo de presentación de instancias ou solicitudes de participación e deberá continuarse coa súa titularidade ao longo do procedemento selectivo.

Serán requisitos específicos en aplicación do disposto no artigo 56.3 da Lei 7/2007 e no artigo 6 do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, os seguintes:

A) Requisito de titulación:

1. Certificado de profesionalidade de socorrismo en instalacións acuáticas (AFDP0109), establecido polo Real Decreto 711/2011, do 20 de maio.
2. Título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo establecido polo Real Decreto 878/2011, do 24 de xuño, título de técnico deportivo superior en salvamento e socorrismo, establecido polo Real Decreto 879/2011, do 24 de xuño, ou calquera outro título de grao medio ou superior de formación profesional que inclúa no seu currículo os módulos formativos asociados a todas as unidades de competencia da cualificación de socorrismo en instalacións acuáticas do Catálogo Nacional de Cualificacións

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade gárantese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40.2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Profesiniais ou

3. Acreditación de ter superado as catro unidades de competencia da cualificación profesional de socorrismo en instalación acuáticas, obtidas a través do procedemento, que desenvolva o Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridos pro experiencia laboral.

Deberá indicar que titulación é usada como requisito da convocatoria e cal é usada na fase de concurso.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN; NON OBRIGATORIA ACREDITACIÓN COÑECEMENTO DO GALEGO.

De presentar esta documentación os/as aspirantes que estean en posesión do Celga 2 ou equivalentes estarán exentos da realización de proba de acreditación do coñecemento do galego.

De non acreditarse o coñecemento do galego por non presentar méritos neste apartado será obligatoria a realización dun exercicio/entrevista para os que non acrediten o coñecemento do galego, na data fixada polo Tribunal:

Exercicio de coñecemento de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha probar oral que deberá realizar nun tempo máximo de dez minutos. O exercicio será cualificado de apto e non apto e terá carácter eliminatorio.

Terceira.- Presentación se solicitudes e proceso de selección: Concurso/oposición.

O Concello de Vilasantar dará publicidade á convocatoria a través da oferta de emprego presentada na Oficina de Emprego de Melide e por anuncios na páxina web, na sede electrónica do Concello de Vilasantar e no Portal de Transparencia facendo referencia ós requisitos que deben reunir o/a traballador/a a contratar conforme da anterior base segunda:

Presentarase unha instancia dirixida ao Sr. Alcalde no rexistro xeral do Concello, achegando a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsado do DNI, ou documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.
- Copia compulsada do título ou declaración ou certificado de estar en condición de obtelo título esixido nas bases; deberá indicar que titulación é usada como requisito da convocatoria e cal é usada na fase de concurso.
- Documentación acreditativa da experiencia laboral. Presentaranse como xustificantes do tempo traballado o contrato no que conste o tempo traballado e o nome e DNI do traballador e do contratador ou ben certificado cos mesmos datos. Acompañarase o informe da vida laboral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

5/9



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

- Toda a documentación orixinal ou compulsada acreditativa do cumprimento dos requisitos de participación contados na cláusula segunda destas bases.

- A relación de méritos que aleguen, nomeados segundo a orde establecida no apartado de méritos. Dita relación acompañarase dos documentos xustificativos. Os méritos alegados acreditaranse fielmente por medio de certificación expedida por funcionario ou autoridade competente, ou ben presentando os orixinais da documentación na que consten, ou con fotocopias debidamente compulsadas dos mesmos. O Tribunal non avaliará os méritos que non se aporten ou acrediten desta maneira.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o alcalde aprobará mediante resolución a lista provisional de admitidos/as que coincidirá coa relación de candidatos desempregados enviados pola Oficina de Emprego de Melide

Esta resolución publicarase no taboleiro de editos, na páxina web do Concello de Vilasantar, na sede electrónica e no portal de transparencia.

Os sucesivos anuncios, agás precepto en contrario, publicaranse tamén no taboleiro de edictos, na páxina web do Concello de Vilasantar, na sede electrónica e no portal de transparencia.

Cuarta.- Comisión seleccionadora e actuación da valoración dos méritos aportados polos/as aspirantes no concurso/oposición:

Estará integrada polos seguintes membros:

4.1. O Tribunal Calificador estará composto polos seguintes membros, de conformidade co disposto no art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

□ Un Presidente: Un/unha funcionario/a de carreira da corporación designado/a polo Alcalde con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria.

□ Un Secretario: Un/unha funcionario/a de carreira da corporación ou personal laboral designado/a polo Alcalde con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria.

□ Tres Vogais: Funcionarios/as de carreira ou laborais pertencentes a unha administración local designados/as polo Alcalde con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria.

4.2. Non poderán formar parte do Tribunal: o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos, o persoal eventual e os representantes da Xunta ou Delegados de Persoal, conforme ó disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. A pertenza ó Tribunal será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

por conta de ninguén.

4.3. O Tribunal poderá contar, para todas ou algunhas das probas, coa colaboración de asesores técnicos, con voz e sen voto, que deberán limitarse ó exercicio da súa especialidade técnica, e cuxo réxime de retribucións determinarase na resolución que acorde a súa designación. Así mesmo, poderá contar cun colaborador administrativo, con voz e sen voto, asimilado a Vogal ós exclusivos efectos da súa retribución.

4.4. Os membros do Tribunal deberán abstenerse de formar parte do mesmo e de intervir cando concorran as circunstancias previstas nos arts. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, e de conformidade co disposto no art. 13 do R.D. 364/1995, de 10 de marzo, calquier aspirante poderá recusa-los, cando concorran algunha das referidas circunstancias.

4.5. O Tribunal só poderá actuar válidamente coa asistencia, en todo caso, do Presidente, dos Vogais e do Secretario, titulares ou suplentes, indistintamente. Corresponderalle dilucidar as cuestións planteadas durante o desenvolvemento do proceso selectivo, velar polo bo desenvolvemento do mesmo, calificar as probas establecidas e aplicar os baremos correspondentes. A actuación do tribunal axustarase estrictamente ás bases da convocatoria. Porén, o Tribunal resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e poderá tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases facultándolles éstas para elo.

4.6. As resolucións do Tribunal vinculan á Administración sen perxuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión conforme ó previsto nos artigos 106 e seguintes da Lei 39/2015 e artigo 14 do R.D. 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o "Regulamento General de Ingreso del Personal al servicio de la Administración General del Estado y de Provisión de Puestos de Trabajo y Promoción Profesional de los funcionarios Civiles de la Administración General del Estado".

Quinta: Formalización e duración do contrato:

A contratación queda supeditada ao outorgamento da subvención por parte da Consellería de Traballo e Benestar e tamén a que as medidas sanitarias relativas ao COVID 19 permitan a apertura das piscinas públicas municipais.

Para a formalización do contrato o/a aspirante seleccionado/a deberá presentar :

- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer a función propia a desenvolver.
- Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin encontrarse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sete Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público) 7/9



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

toma de posesión.

- Documentación orixinal ou copia cotexada dos méritos alegados na fase de concurso.

A duración estimada do contrato é de 2 meses ou o tempo que estableza a Resolución da Subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Sexta : Incidencias.

A comisión seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso en todo o non previsto nestas bases.

Sétima: Normas de aplicación.

O proceso selectivo regularáse polo disposto nas presentes bases e, no que non estea previsto nelas, polo establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local; o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; a Lei 7/2007 do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público; a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; o Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como pola restante normativa estatal ou autonómica vixente, que sexa de aplicación por razón desta material.

As presentes bases e a convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderáse interpoñer polos interesados un recurso de reposición, no prazo dun mes, ante a Alcaldía, con carácter previo ao contencioso – administrativo, no prazo de dous meses ante o Xulgado do contencioso – administrativo de A Coruña, a partir do día seguinte ao da súa publicación (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da jurisdicción contencioso-administrativa).

En canto a xurisdicción competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdicción Social.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público) 8-9



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

ANEXO I.

Baremo de méritos para valorar o concurso/ oposición para a praza de socorrista.

A. FASE DE CONCURSO (ATA UN MÁXIMO 4 PUNTOS)

1. Por ter experiencia en posto similar (puntuación máxima 2 puntos).

Por cada mes traballado desempeñando o posto de socorrista, a razón de 0,50 puntos mes. Este mérito acreditaráse mediante contratos de traballo, certificación acreditativa ou informe de vida laboral.

2. Formación (puntuación máxima 2 puntos).

Valorarásese os cursos de formación e perfeccionamento relacionados coas funcións a desenvolver. Valorarásese 0,50 cada curso ata un máximo de 3 puntos.

Este mérito acreditarásese mediante orixinais ou copias compulsados dos certificados ou títulos do cursos.

B- PROBA SELECTIVA (ATA UN MÁXIMO 6 PUNTOS)

Consistirá na resposta a unhas preguntas de forma oral. O tribunal poderá realizar as preguntas que considere axeitadas sobre o desenvolvemento do seu traballo.

Esta proba puntuará ata un máximo de 6 puntos.

Os aspectos obxecto de ditas preguntas versarán sobre algún dos seguintes temas:

1. Constitución española e normativa básica de réxime local.
2. Coñecemento básico do Concello de Vilasantar: funcionamento, estrutura territorial, características específicas das instalacións relativas á piscina municipal.
3. Conceptos básicos de igualdade de xénero.
4. Conceptos básicos da relación laboral conractual así como de prevención de riscos laborais.
5. Tarefas e responsabilidades do socorrista acuático na piscina.
6. Prevención de accidentes acuáticos.
7. Técnicas de salvamento e materiais empregados.
8. Lesións específicas no medio acuático e o seu entorno.
9. Métodos para sacar ó accidentado do auga.
10. Reanimación cardiopulmonar.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40.2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público) 9/9

